




Área / Unidad APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 ILB.	Documento 237121009L	
Código de verificación  1217 210X 0E53 224A 0CUI	Expediente 237/2017/3	
	Fecha 14-03-2018	

### **Informe-proposta**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 08 de setembro de 2017, acordou aprobar a convocatoria pública das subvencións do exercicio 2017, destinadas a asociacións e entidades no ámbito da Igualdade e Diversidade, autorizando o gasto de 100.000,00 euros que para esta finalidade consígnase na aplicación 70.231.489.00 do Orzamento Municipal do ano 2017.

Publicada a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de data 15 de setembro de 2017, e transcorrido o prazo dun mes outorgado aos interesados para a presentación de solicitudes, resultaron presentadas 29 ,que obran no expediente da súa razón.

Os artigos 17 e seguintes da Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar, en concordancia co previsto no apartado 1 do artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Base 13 e seguintes da convocatoria específica establecen o procedemento, que inclúen que as solicitudes, xunto coa documentación, remitirase á Mesa de Avaliación, para que constituída no mesmo acto, se reúna dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da remisión, sendo a encargada de valorar as solicitudes presentadas. Do resultado da xuntanza ou xuntanzas mantidas levántase a correspondente acta.

Os criterios que deben ser tidos en conta para a concesión son os recollidos no artigo 18 da Ordenanza, e os específicos sinalados na Base 13.1 da convocatoria específica.

Por resolución de data 11 de outubro de 2017, a concelleira de Igualdade e Diversidade nomea ás persoas integrantes da Mesa de Avaliación á que se refire a Base 13.3 da convocatoria específica.

Pola Mesa de avaliación de subvencións da Concellaría de Igualdade e Diversidade levantouse Acta o 12 de marzo de 2017 no que se concretou o resultado da avaliación efectuada, que obra no expediente da súa razón e ao que me remito.

Á vista do expediente e da devandita Acta, en aplicación do artigo 24.4 da Lei Xeral de Subvencións, fórmulase a seguinte proposta de resolución provisional:

**Primeiro:** Autorizar o gasto de 95.565,56 euros que supón a concesión de subvencións correspondentes á convocatoria do exercicio 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de setembro de 2017, destinadas a asociacións e entidades no ámbito da Igualdade e Diversidade, por importe de 95.565,56 euros, con cargo á aplicación 70.231.489.00 do Orzamento en vigor.

**Segundo:** Conceder subvencións correspondentes á convocatoria citada por un importe total de 95.565,56 euros aos solicitantes e polos importes que a continuación se relacionan, con cargo á aplicación 70.231.489.00 do Orzamento municipal en vigor, de conformidade co informe de avaliación de solicitudes emitido pola Mesa de avaliación de subvencións da Concellaría de Igualdade e Diversidade.



## RELACIÓN SUBVENCIONS CONCEDIDAS

### LIÑA 1: FORTALECEMENTO E EMPODERAMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE	IMPORTE (€)
ASOC. CORUÑESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE (ACEM)	G15510266	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	3.855,55
ASOC. DOWN CORUÑA	G15731466	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	4.598,05
ASOC. POLA IGUALDADE E A COEDUCACIÓN (APICO)	G94088549	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	431,76
ASOC. SOS RACISMO	G15651508	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	4.614,55
ASOC. VIRAVENTOS	G70136429	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	5.062,81
ASOC.OBSERVATORIO IGUALDAD	G70483177	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	470,26
ASOCIACION GALLEGA DE HEMOFILIA	G15220577	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	690,00
ASOCIACION PARA A INTEGRACIÓN DIVERSOS	G70256896	LIÑA 1	Gastos de funcionamento	904,28
COMITÉ ANTISIDA DE LA CORUÑA (CASCO)	G15279219	LIÑA 1	Gastos de funcionamiento	6.000,03
FUNDACION INGADA	G70394374	LIÑA 1	Gastos de funcionamiento	4.969,31
FUNDACION RADIO ECCA	G35103431	LIÑA 1	Gastos de funcionamiento	1.123,53
GRUPO DE MINUSVÁLIDOS DE LA CORUÑA (GRUMICO)	G15038797	LIÑA 1	Gastos de funcionamiento	2.112,02
LA QUINTA DEL ARTE	G70429998	LIÑA 1	Gastos de funcionamiento	4.500,00

### LIÑA 2: ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS EN SENTIDO AMPLO, ASÍ COMO ACTIVIDADES GARANTES DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA DIVERSIDADE

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE	IMPORTE (€)
ASOC. CORUÑESA DE PROMOCIÓN DEL SORDO (ACOPROS)	G15048762	LIÑA 2	Prevención, sensibilización, violencias	2.280,00
ASOC. POLA IGUALDADE E A COEDUCACIÓN (APICO)	G94088549	LIÑA 2	Avance na igualdade e fomento da cidadanía inclusiva	3.250,00
ASOC. POTENC100MOS	G70480900	LIÑA 2	Festival Diversidarte 2017	2.243,22
ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE A CORUÑA (APEM)	G15034176	LIÑA 2	Accións para prevención e sensibilización coas persoas que sofren enfermidade mental	5.318,62
ASOC. PRO PERSONAS CON DISCAPACIDAD INT. DE GALICIA (ASPRONAGA)	G15028855	LIÑA 2	Práctica deportiva recreativa	3.956,21
ASOC. SOCIO-EDUCATIVA PARA LA EDUCACIÓN (ASEDUC)	G70067830	LIÑA 2	Terapia asistida con animais para mulleres vítimas de violencia de xénero	5.200,00
ASOC. SOCIO-EDUCATIVA PARA LA EDUCACIÓN (ASEDUC)	G70067830	LIÑA 2	Publigualdade	4.745,85
ASOCIACION DE COACHING PARA EL DESARROLLO SOCIAL Y COMUNITARIO DALEHT	G70480595	LIÑA 2	Coaching para cuidadoras	1.388,00
ASOCIACION PARA A INTEGRACIÓN DIVERSOS	G70256896	LIÑA 2	Flashmove pola integración	4.491,00
COMITÉ ANTISIDA DE LA CORUÑA (CASCO)	G15279219	LIÑA 2	Personoal mantemento punto calor	7.208,53



ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE	IMPORTE (€)
ECODESARROLLO GAIA	G15507171	LIÑA 2	Publicación libro igualdade e acto multicultural feminista	2.991,98
FUNDACION INGADA	G70394374	LIÑA 2	Aprendendo a convivir	6.800,00
GRUPO DE MINUSVÁLIDOS DE LA CORUÑA (GRUMICO)	G15038797	LIÑA 2	Fomento e promoción da autonomía persoal da muller con discapacidade física	4.170,00
SOLIDARIDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	G36833648	LIÑA 2	Plan de Igualdade	2.190,00

**Terceiro.-** Excluir, segundo expresa a Acta da Mesa da Avaliación de data 12 de marzo de 2018, as seguintes solicitudes por non acadar a actividade ou proxecto a calidade técnica mínima e polo tanto os puntos mínimos para ser subvencionables según a base da convocatoria 13.1.3.b:

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE	MOTIVO
ASOCIACION DE COACHING PARA EL DESARROLLO SOCIAL Y COMUNITARIO DALEHT	G70480595	LIÑA 2	Desenredados	Proxecto plantexado dende a utilidade do coaching pero non dende a necesidade do proxecto para a mellora da igualdade na diversidade ou finalidades perseguidas por esta convocatoria de subvencións
ASOC. DE PADRES DE NIÑOS PARALÍTICOS CEREBRALES (ASPACE)	G15031529	LIÑA 2	Cadea humana	Proxecto do que non se xustifica a idoneidade de cara á finalidade perseguida polas subvencións solicitadas
ASOC. POLA IGUALDADE E A COEDUCACIÓN (APICO)	G94088549	LIÑA 2	Programa para a erradicación de comportamentos violentos cara ás mulleres	Non describir axeitadamente o programa concreto para o que solicitan a subvención utilizando a mesma memoria sustancialmente idéntica para todas as liñas e proxectos facendo imposible a valoración do proxecto presentado
ASOC. PROXECTO MASCARAS	G70401518	LIÑA 2	Xornadas e actividades de fomento da acción voluntaria	Non describen ben en que consiste a actividade/proxecto e polo tanto non pode ser valorada a idoneidade

**Cuarto.-** Excluir, segundo expresa a Acta da Mesa da Avaliación de data 12 de marzo de 2018, as seguintes solicitudes por presentar as súas solicitudes fóra de prazo:

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE
ASOC. DE AMAS DE CASA CONSUMIDORES Y USUARIOS	G15049034	LIÑA 1	Gastos de funcionamento
ASOC. POLA LIBERTADE AFECTIVA E SEXUAL DA CORUÑA (ALAS)	G70249461	LIÑA2	Obradoiros de arte e xornada de sensibilización e visibilización das realidades LGBTQI



**Quinto.-** Excluir, segundo expresa a Acta da Mesa da Avaliación de data 12 de marzo de 2018, a seguinte solicitude por non reunir os requisitos básicos e necesarios para a súa valoración:

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE
ASOC. CORUÑESA DE FIBROMIALGIA Y FATIGA CRÓNICA (ACOFIFA)	G15787278	LIÑA 2	Lemeterapia

**Sexto.-** Aceptar a renuncia, segundo expresa a Acta da Mesa da Avaliación de data 12 de marzo de 2018, das seguintes solicitudes:

ENTIDADE	CIF	LIÑA	ACTIVIDADE	DATA RENUNCIA
MEDICOS DO MUNDO	G79408852	LIÑA 2	Atención socio-sanitaria a persoas en contexto de prostitución e/ou trata con fins de explotación sexual na cidade da Coruña	22/01/2018
DOMU ÁFRICA	G70422571	LIÑA 2	África con voz de mujer	05/02/2018
FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRÓNICAS (FEGEREC)	G70218128	LIÑA 2	Xestión da enfermidade rara desde un enfoque de xénero	05/02/2018
FUNDACION RADIO ECCA	G35103431	LIÑA 2	Fomento dunha actitude favorable á igualdade de Xénero	02/03/2018
ASOC.OBSERVATORIO IGUALDAD	G70483177	LIÑA 2	Xuntas camiñamos	06/03/2018

**Sétimo.-** Instar ás seguintes entidades a que **REFORMULEN** as súas solicitudes correspondentes a ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS EN SENTIDO AMPLO, SÍ COMO ACTIVIDADES GARANTES DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA DIVERSIDADE (LIÑA 2), segundo o establecido na Base 14.2 da convocatoria específica de subvencións en relación co artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, debendo as entidades **CUMPRIMENTAR O ANEXO S..2** da convocatoria específica de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e colectivos no ámbito da Igualdade e Diversidade (exercicio 2017), publicada no BOP da data 15 de setembro de 2017.

O prazo dita reformulación será de 5 días máximo, a contar desde a data de finalización do prazo de presentación de alegacións.

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE
ASOC. SOCIO-EDUCATIVA PARA LA EDUCACIÓN (ASEDUC)	G94088549	Publigualdade
ECODESARROLLO GAIA	G15507171	Publicación libro de igualdade e acto multicultural feminista



ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE
ASOC. PRO PERSONAS CON DISCAPACIDAD INT. DE GALICIA (ASPRONAGA)	G15028855	Práctica deportiva recreativa
ASOC. PRO ENFERMOS MENTALES DE A CORUÑA (APEM)	G15034176	Accións para a prevención e sensibilización coas persoas que sofren enfermidade mental
COMITÉ ANTISIDA DE LA CORUÑA (CASCO)	G15279219	Persoal mantemento punto calor

**Oitavo.-** Insertar anuncio público desta proposta de resolución provisional no Taboleiro de Edictos do Concello da Coruña, sito nas Casas Consistoriais, Praza de M<sup>ª</sup> Pita nº 1, e na páxina web da Concellaría de Igualdade e Diversidade, concedendo un prazo de dez días para presentar alegacións.

A Coruña, a 14 de marzo de 2018

A Xefa do Servizo

M<sup>ª</sup> Begoña López García